

## **BORRADOR ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CHAPELA 03.06.2014**

### **ORDE DO DIA**

- 1.- Aprobación das actas anteriores.
- 2.- Situación do proxecto constructivo da Estación de viaxeiros de Chapela e da pasarela anexa.
- 3.- AP- (Ampliación colexio Igrexa, etc.).
- 4.- Praia de Arealonga (Escolleira, actuacións para o vindeiro verán. Fogueira de San Xoan).
- 5.- Dar conta das obras a realizar en Chapela no ano 2014. (Parques infantís, saneamento, etc.).
- 6.- Presupostos participativos 2014.
- 7.- Cafetería multiusos Piñeirál do Crego (Petición responsable ANPAS).
- 8.- Rogos e preguntas.

No multiusos de Chapela, sendo as vinte horas e quince minutos do día tres de xuño de dous mil catorce, baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde de Redondela, de Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, actuando como secretaria eu mesma, M<sup>a</sup> Nieves Boullosa Rodríguez, e coa asistencia dos/as representantes formalmente propostos e convocados que a continuación se relacionan, constitúese o Consello Parroquial de Chapela, en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

### **REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS**

BNG: Xosé Xabier Balsas Barbeira

### **3.- REPRESENTANTES ASOCIACIÓNS VECIÑOS**

- Marcial Pérez Abreu
- Angela Méndez Alonso
- Teresa Baños Rivera

### **REPRESENTANTES DE ENTIDADES VECIÑAIS**

- Perfecto García Martínez (en substitución de Roberto Villar Rodríguez)
- Fulgencio Estévez Ferreira (en substitución de Cesar Domínguez Fernández)

### **3. REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAI**

- Begoña Rial Garcia (en substitución de Fernando Casas Gómez)
- Victor Castro Freaza

### **1.- REPRESENTANTE DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS**

- Rafael Baltasar Cela Acevedo

### **1.- REPRESENTANTE DA COMUNIDADE DE MONTES**

- David López Álvarez (en substitución de Francisco Puch Casal)

### **1.- REPRESENTANTE DAS ANPAS**

- Carlos Álvarez Vidal

### **1.- REPRESENTANTE DA ASOCIACION DE MULLERES**

- María Jesús Moreira Covelo

Pola presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

#### **1.- Aprobación das actas anteriores.**

Pola Presidencia sométense a aprobación as actas dos Consellos Parroquiais celebrados en datas 17.02.14 e 07.04.14. Quedan aprobadas por maioría dos/as membros presentes coa abstención da Asociación de Veciños por non asistir a nengunha das xuntanzas.

#### **2.- Situación do proxecto constructivo da Estación de viaxeiros de Chapela e da pasarela anexa.**

O Presidente manifesta que non se convocou consello extraordinario porque non tiña información, que había un anteprojecto con tres alternativas: Soterrar o paso subterráneo, pasarela ou un tipo ascensor. Alargouse no tempo porque dixeron que iban a facer unha pasarela completa con apeadeiro.

Nunha reunión en Madrid o Alcalde plantexou deixar de momento o tema do apeadeiro e construír a pasarela que é urxente, chegouse a negociación de que van a facelo, de que os pilastres valen os mesmos e vaise a reconstruír e poñelos en condicións.

Angela Méndez, di que o Alcalde dixo que había renunciado a facer a estación.

O Presidente manifesta que o Alcalde dixo que non se podía facer o proxecto completo que se fixera a pasarela e xa se faría a estación.

Xabier Balsas pregunta si hai prazo para facer a pasarela e si hai un proxecto redactado.

O Presidente manifesta que non deron prazo e que están traballando no proxecto.

Marcial Pérez, manifesta que no mes de Maio de 2012 sale a licitación dun proxecto constructivo da pasarela e da estación, o proxecto ten que existir xa que pagouse 127.330 euros por facelo e é un proxecto executivo, e pide que o Concello solicite o proxecto para que se lles enseñe e saber o que está proxectado.

O Presidente manifesta que ADIF está facendo o proxecto para reformar a pasarela e que mentres se traballe non se pode usar.

Fulgencio Estévez, pregunta si está contemplado para poder levar carritos de bebé ou sillas de rodas, si non sería máis fácil facelo por abaixo que por riba.

O Presidente contesta que é con rampas, e cos veciños non queren que sexa subterráneo.

Angela Méndez manifesta que hai xente vivindo nesa zona que está aislada, hai dous túneles cheos de auga, non hai luz, a ponte non está en condicións xa que se resbala e piden unha solución.

O Presidente manifesta que o Concello pode facer o mantemento pero non vai gastar os cartos hai, o final cederon e fanno eles.

Marcial Pérez, solicita que se pida o proxecto e que non empecen a facer a obra sin antes mirar o proxecto.

O Presidente manifesta que mandaron o dun teletipo de que o facían eles.

Xabier Balsas, pregunta si se pensou en algún momento de si a estación nova lle afecta a pasarela.

O Presidente manifesta que no proxecto vai o apeadero, pasarela e urbanización de toda a zona.

Angela Méndez, di que hai que pedir máis beneficios para Chapela a ADIF e Autopistas.

O Presidente manifesta que nas reunións con ADF, Fomento e Ministerio xa se pediron unha serie de melloras para Chapela.

Fulgencio Estévez, manifesta que as chapas son un perigo, a varandilla deficiente e o cableado está pelado.

O Presidente di que hai que facer unha reforma íntegra.

David López, manifesta que o Consello Parroquial é culpable porque había unha proposta de que a Estación non fora para abaixo.

Marcial Pérez, solicita os dous proxectos.

O Presidente manifesta que en breve terase unha reunión.

### 3.- AP- (Ampliación colexio Igrexa, etc.).

O Presidente manifesta que tivo unha reunión co Director Xeral de Carreteras e que o día seguinte pasaban os planos, a negociación esta pola labor da compra da finca a “Jinaria” a compraría Audasa a entrega ao Concello e o Concello pasaría a Xunta para construír o colexio e a gardaría.

Os nenos non se trasladan a ningún sitio xa que o colexio non se tiraría mentres non se faga o novo.

Xabier Balsas, pregunta si se ten previsto facer xestións para que o edificio se manteña.

O Presidente manifesta que ao edificio se lle pode quitar partido.

Angela Méndez pregunta polo soterramento da autopista.

Baltasar di que é inviable técnicaamente ten que haber dúas divifurcacións, o proxecto constructivo esta feito.

O Presidente manifesta que o día seguinte da celebración do consello entregaran o proxecto.

David López, manifesta que o venres hai unha assemblea.

Angela Méndez, di que os políticos deben dicir basta xa, que somos os únicos que pagamos peaxe tendo entrada e saída no municipio, que se necesitan uns beneficios pola destrución de Chapela e deben de apoiar os dirixentes do municipio.

O Presidente di que conseguíuse que os terreos da Jinaria os comprasen para facelo colexio, e pediuse a Consellería o compromiso por escrito de que o colexio non se tire mentres non se faga outro.

Angela Méndez, di que hai que solicitar o soterramento.

O Presidente di que se solicitou o soterramento e o acceso a Trasmañó.

### 4.- Praia de Arealonga (Escolleira, actuacións para o vindeiro verán. Fogueira de San Xoan).

Angela Méndez, manifesta que dende que esta o muro feito non hai area.. Na praia de Mende hai escolleira e dende que fixeron o paseo de madeira esta cheo de area e que teñen fotos de cando empezaron as obras, e que o muro para a canalización esta sin area.

Marcial Pérez, pide que veña alguen da Universidade e que aprobe ou desminta a teoría de que perdeuse 1,5 de altura, porque a area a trae o temporal e a leva as mareas vivas.

Perfecto García, manifesta que o da escolleira pode ser un problema porque se pode quedar sin area.

O Presidente manifesta que viñeron os de Costas e din que poden influir as correntes mariñas quedaron de facer un estudio pero non o fixeron porque valia moitos cartos. O muro non é de Costas é da Autoridade Portuaria, falouse cos da Autoridade Portuaria e quedaron de vir para a semana que ven a Arealonga, xa hai orzamentos do custe da escolleira para a cal hai que ter tamén autorización para facela.

O Presidente manifesta que na praia de Arealonga pintouse a caseta de vixiancia, adecentaron as duchas, e pintaron a zona de paseo para non aparcar e que non se pode colocar baños porque costan moito.

Que en relación coas fogueiras, Costas permite facer fogueiras nas praias, pero non se vai permitir palets, e hai que poñer unha plancha de ferro, unhas vallas para delimitar a zona limpar e retirar os restos da fogueira. Podran solicitar permiso unha Asociación e presentar un seguro de Responsabilidade Civil.

Carlos Alvarez, di que as cafeterias estan poñendo as terrazas na carretera, e que habería que levar un pequeno control.

Perfecto García, di que hai que regular as terrazas, xa que a veces non se pode pasar.

O Presidente manifesta que os propietarios das cafeterias sacan permiso para uns meses.

Marcial Pérez, di que a terraza que hai no medio da Alameda é ilegal, que na normativa de terrazas non se permite iso, non se cumpre a normativa e o Concello ten a obriga de facer cumprila.

O Presidente manifesta que tera que ir a policia.

## 5.- Dar conta das obras a realizar en Chapela no ano 2014. (Parques infantís, saneamento, etc.).

O Presidente da conta da obras a realizar en Chapela:

- A obra do camiño Penisal – Ánimas (saneamento, asfaltado) comezará cando acabe o curso escolar.
- Se van facer parques novos a través da Deputación na Alameda de Chapela e en Cidadelle.

- O Parque de Arealonga farase con remanente deste ano.
- Actuación anteprojecto dos participativos, na parte de atrás do multiusos e o parque infantil con Fondos Feder.
- Parque infantil da Igrexa para o próximo ano, agora sacaranse os bancos e colocaranse outros.
- Parque de Pasán pendente de si queda afectado por autopistas.
- Parque biosaludable no paseo marítimo (estaba previsto diante da piscina) .
- Asfaltouse o camiño do Cuco.
- Poste diante do multiusos retirárase en 15 días e se vai retranquear.

Angela Méndez, manifesta que no camiño do Lavanco hai unha piscina de auga.

Marcial Pérez, pregunta como esta a expropiación de Cidadelle.

O Presidente manifesta que xa chegou a documentación do xurado de expropiación e hai un período de alegacións.

Teresa Baños, pregunta porque non se retira o poste que esta na de Celita.

O Presidente manifesta que FENOSA por retirar un poste cobra 17.000,00 euros e que a fonte levouse para vías e obras.

Angela Méndez, di que a única fonte que funciona ben a de Fonte de ouro.

O Presidente manifesta que na senda da auga hai unha que funciona, no colexio Cidadelle outra, na baixada Arealonga outra que xa se arranxou varias veces o grifo, no lavadeiro da Buraca, a fonte da curva esta decente e arranxada a xente tira co rotulo da auga.

David López, di que a Fonte da Fraga esta sen auga.

## 6.- Orzamentos participativos 2014.

O Presidente manifesta que no próximo Consello hai que decidir en que se van gastar os cartos dos orzamentos participativos.

Xabier Balsas, pregunta si a idea é reparto lineal por parroquias.

O Presidente di que si entre 13.000,00 e 14.000,00 euros.

Marcial Pérez, di que os orzamentos participativos é que antes se pregunte as Asociacións onde se quere gastar os cartos da parroquia, que pediuse toda a vida participar en facer os orzamentos.

O Presidente di que o mais importante e o saneamento en Chapela gastanse 500,000,00 euros (Obra Penisal- Ánimas, proxecto camiño da Costa).

Angela Méndez, manifesta que na zona de Pontesecca hai vivendas sin saneamento, e deben verter ao río.

Marcial Pérez, di que quere enterarse en que van a gastarse os cartos, xa que o serio e participar e decir vamos a gastar os cartos en isto.

## 7.- Cafetería multiusos Piñeiral do Crego (Petición responsable ANPAS).

Carlos Álvarez, pregunta porque non se saca a concurso a cafeteria do multiusos, xa que hai algunha Asociación que esta interesada.

O Presidente di que no ano 2005 saiu a concurso e quedou deserto, xa que o pediu un matrimonio e non se pudo adjudicar. Fixéronse unhas bases novas no ano 2007 e quedaron ahí.

No ano 2005 o convenio era por 25 anos e no 2007 por 4 anos, hai que mirar si interesa a cafeteria porque a persoa que a colla ten que facer toda a instalación.

Xabier Balsas, manifesta que si se pide a unha persoa facer un investimento un prazo de 4 anos non lle interesa. O mellor seria equipala o Concello e sacala a concurso por 2 anos.

## 8.- Rogos e preguntas.

David López, manifesta que dende o colexio Angorén ata a fonte hai maleza que o ano pasado tiveron que cortar os veciños, porque non o limpian hai que denunciar por escrito, e pregunta si o Concello non ten poder e porque obligan a Comunidade de Montes a limpar arredor das casas e non se obriga a Fomento para que limpie.

O Presidente manifesta que o Concello non ten poder e que no mes de marzo mandouse unha petición con fotos para que limpien a zona.

Angela Méndez, di que hai uns anos había un bando que o Concello ten que facer cumprir,

Que xunto a casa de Teresa Paris fixeron unha corta de árbores e deixaron todo ali, e e un risco terrible. Que no camiño da Correola os veciños limpiaron pero hai un que non cumpliu o bando e hai bastante maleza.

O Presidente manifesta que todas as fincas que se mandaron limpar a policía volve a pasar para saber si estan limpas. Que se busca o dono da finca e comunicaselle

para que limpie a finca e si non se localiza xa limpia o Concello e despois tratase de cobrar.

Perfecto García, di que hai que arranxar o camiño no Alto da Encarnación donde estaba a discoteca.

No próximo Consello tomarase a decisión de si se retira ou non a placa da piscina.

Fulgencio Estévez, manifesta que a geotermia na piscina non funciona. Hai unha comisión e un responsable. Hai un director de obra, uns ingenieros unhas empresas.

O Presidente manifesta que a geotermia non da o resultado que ten que dar. A caldeira traballa como principal, a máquina esta descatalogada, a deshumectadora habia que poñela e xa esta pagada. Esta en reclamación. A UTE desapareceu, Paraxe e Antalsis non existe.

Marcial Pérez, di que esta esperando a que o convoquen outra vez.

David López, di que estivo no Consello e dixo que a geotermia iba a funcionar o 100% hai que pedir responsabilidades.

Teresa Baños, manifesta que puxo unha denuncia a piscina por irregularidades e a contestación que lle da a empresa é que a culpa é do Concello.

E, non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinteduas horas e cuarenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria, dou fe.